

XORNADAS SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA E DEREITO COMUNITARIO

(EGAP, 28 e 29 de xuño de 1999)

María Fera Romero

Investigadora da área de dereito administrativo
da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña

○ artigo 149.1.18 da Constitución española¹ atribúelle ó Estado a competencia exclusiva para promulgar-la lexislación básica sobre contratación administrativa. O feito de que o noso país pertenza á Comunidade Europea esixe ademais a adecuación da nosa lexislación interna ó ordenamento xurídico comunitario, recollido en diversas directivas sobre contrato de obras, subministracións e servicios aplicables precisamente polo seu carácter de dereito comunitario a tódalas administracións públicas.

O fenómeno da contratación, desde un punto de vista xurídico-comunitario, evoca, por unha banda, os principios básicos aplicables á contratación pública que inspiran e informan todo o acervo comunitario sobre

¹ Art. 149.1.18: *o Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias: (...) as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios que, en todo caso, lles garantirán ós administrados un tratamento común ante elas; o procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas; lexislación sobre expropiación forzosa; lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas e o sistema de responsabilidade de tódalas administracións públicas.*

a materia² e, por outra, as famosas directivas que nos anos precedentes dictou a Comunidade Europea en relación cos contratos de obras, subministración e servicios públicos.

Un dos elementos esenciais do establecemento do mercado común constituíuno a apertura da contratación pública de cada estado membro ós empresarios dos restantes, como reacción ante as distintas regulamentacións existentes en cada país sobre a materia, que mantiñan restriccións a favor dos contratistas nacionais ou establecían esixencias de produtos ou materiais nacionais nos respectivos contratos, o que, evidentemente, resultaba contrario ós principios de libre circulación de mercadorías, libre circulación de persoas, servicios e capitais e á prohibición de toda discriminación por razón de nacionalidade, principios e prohibición que constituían o fundamento da Comunidade Europea e que seguen a desempeñar idéntico papel respecto á Unión Europea.

As institucións comunitarias adquiriron un crecente protagonismo en materia de contratos públicos. O tema, complexo e amplo, foi obxecto dun tratamento plural nas xornadas desenvolvidas na EGAP os días 28 e 29 de xuño.

O director da EGAP, Domingo Bello Janeiro, foi o encargado de abri-las xornadas e subliñou na súa exposición a relevancia que, no marco comunitario, adquire o tema da contratación. Referiuse, entre outros puntos e de forma xeral, á capacidade dos empresarios nos procedementos de licitación, á determinación das contías dos contratos para efectos de publicidade e ós seus prazos, ós requisitos do procedemento negociado, etc.

A primeira conferencia da mañá correu a cargo de D. Javier Suárez García, director xeral-xefe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, que abordou o tema da evolución da contratación pública en España e as súas adaptacións trala adhesión ás comunidades europeas. Desenvolveu o seu relatorio seguindo un esquema con catro puntos fundamentais: 1) qué supón o dereito comunitario para a contratación pública; 2) cáles son as directivas importantes en materia de contratación pública; 3) cáles foron as reformas lexislativas máis relevantes; e 4) referencia ó proxecto de modificación da Lei de contratos.

O obxectivo claro do establecemento dun mercado común non vén recollido como tal e expresamente en ningún precepto dos tratados. Si recolle, por exemplo, o artigo 3.2 do Tratado de Roma os medios para tal fin e se existe xurisprudencia ó respecto (por exemplo a que establece a ilegalidade de certas prácticas). A finalidade do dereito comunitario non é garanti-lo interese público, nin a transparencia, como insistiu o relator

² Entre outros poden sinalarse agora o principio da libre e plena concorrancia, o principio de non discriminación, o de coordinación dos procedementos de adxudicación...

en repetidas ocasións ó longo da súa exposición, senón garantir que tódolos empresarios da Unión Europea poidan realiza-los contratos en igualdade de condicións, evitando o favorecemento das empresas nacionais.

O establecemento dun sistema de contratación xeral non é fácil porque a normativa existente está moi dispersa. A xestión realízase, polo tanto, a través de institucións de carácter diverso. As directivas fan especial fincapé nas normas de publicidade (obriga de publicación no *Boletín das Comunidades Europeas* de determinados contratos); nos procedementos de adxudicación de carácter obxectivo (co fin de evitar contratacións directas); na regulación das especificacións técnicas; no establecemento dun mínimo común denominador nos Estados; na regulación de distintas circunstancias que permiten a exclusión de determinados contratistas³, etc. Tódalas directivas determinan os procedementos de adxudicación (abertos, restrinxidos e negociado); delimitan o ámbito obxectivo de aplicación e o mecanismo de cálculo; as especificacións técnicas; regulan as normas de publicidade; a obriga de entrega-los pregos de condicións e demais documentos; permiten a agrupación de provedores (unións temporais); regulan os convenios de adxudicación (en función do prezo ou atendendo a outros criterios); as baixas temerarias (ofertas anormalmente baixas); determinan as formas en que as persoas poden quedar excluídas; regulan a capacidade técnica. Nas directivas específicas para cada contrato hai especificacións importantes: no contrato de obra especificase o contrato de concesión de obra pública; no contrato de servizo o ámbito de aplicación delimitase con carácter negativo; as directivas de recursos establecen mecanismos para que as decisións dos poderes adxudicadores poidan ser recorridas rapidamente e de forma segura, etc.

Na segunda parte da súa exposición o relator sinalou os fitos fundamentais de transposición das directivas. O primeiro intento foi o Decreto legislativo 931/1986. Entre outras cuestións supuxo a modificación e a adaptación do artigo 9 da Lei de contratos do Estado. No artigo 28 regúlanse as formas de contratación (poxa, concurso e contratación directa, só nos supostos establecidos pola lei). Os artigos 29 e 30 incorporan a obriga de realiza-los anuncios dos contratos no Boletín oficial das comunidades europeas. O seu artigo 36 establece os criterios para a adxudicación do contrato de obra por concurso. Os artigos 89 e 109 modifican e regulan a clasificación do contrato de obra.

Por outra parte o relator destacou a modificación do Real decreto do 26 de novembro de 1986, que entre outras cousas provocou unha das sentencias máis importantes nesta materia, como é a sentenza do 17 de no-

³ O relator fixo referencia a directivas destacadas en materia de contrato de obra (7/305, 89/440), de subministración (76/62, 80/767, 82/295), de servizos (92/50, 90/531, 93/38), etc.

vembro de 1993 (incumprimento por parte de España de determinados preceptos).

A Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas supuxo un intento de adaptación de todo o establecido polo Tribunal. O Consello de Estado nos dictames 214/92 e 1270/93 sobre os anteproxectos da Lei de contratos determinou positivamente o cumprimento de forma xeral das esixencias. O ámbito de aplicación subxectivo supuxo unha importante novidade: esténdese a tódalas administracións e esténdese tamén ás entidades públicas e organismo públicos que cumpren unha serie de requisitos⁴. De forma esquemática, simplemente hai que sinalar que a lei fai así mesmo referencia ás regras de capacidade, publicidade, procedemento de licitación, requisitos para contratar e procedemento de adxudicación⁵; introdúcese o contrato de concesión de obra pública, trátase o tema das baixas temerarias, a introducción de variantes nas ofertas; non se recolle nada sobre as directivas de recursos, etc. Outro fito importante nesta historia da transposición constituíuno a Lei 48/1998, do 30 de decembro, que regula os contratos de sectores excluídos.

Polo que se refire ás principais modificacións no Proxecto de lei de reforma da Lei de contratos sinalou o conferenciante varios puntos: establécese un réxime máis estricto para a modificación dos contratos administrativos; establécese o dictame do Consello de Estado sobre as modificacións dos contratos que supoñan un 10% e non un 20% como ocorría antes; é necesario ademais sinala-las circunstancias concretas de modificación; existe un maior rigor nos prazos. Redúcense e non se poden dar prórrogas de carácter tácito; establécese unha duración máxima de dous anos dos contratos de servizos (con prórrogas ata catro); axilízase o procedemento negociado (sen mesa de contratación, por exemplo); suprímese o contrato de traballos específicos e non habituais (inclúese dentro do de servizos); regúlanse os contratos de arrendamento financeiros e de arrendamento con opción de compra.

⁴ Artigo 1.3: *Deberán así mesmo axustar-la súa actividade contractual á presente lei os organismos autónomos en todo caso e as restantes entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes de calquera das administracións públicas, sempre que naquelas se dean os seguintes requisitos: a) que fosen creadas para satisfacer especificamente necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil; b) que se trate de entidades que teñan unha actividade maioritariamente financiada polas administracións públicas ou outras entidades de dereito público, ou ben, cunha xestión sometida a un control por parte destas últimas, ou cuns órganos de administración, de dirección ou de vixilancia que estean compostos por membros onde máis da metade dos cales sexan nomeados polas administracións públicas e outras entidades de dereito público.*

⁵ A lei incorpora a distinción entre procedemento de adxudicación (negociado, directo...) e formas de adxudicación (poxa e concurso), tendo en conta que se aprecia maior rigor nas formas de adxudicación cando se trata do procedemento negociado.

A doutrina do Tribunal de Xustiza de Luxemburgo sobre a contratación pública foi obxecto de tratamento polo profesor titular de dereito administrativo da Universidade Pública de Navarra, D. Martín M^a Razquin Lizarraga. O seu relatorio centrouse na aplicación por parte dos estados membros das directivas de contratación pública e nos problemas interpretativos que delas se derivan.

O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (TXCE) coñece da contratación pública a través de dúas vías xurisdiccionais. Por unha parte, o recurso por incumprimento: a Comisión denuncia a un Estado membro por incumprimento do dereito comunitario. Trátase principalmente da falta de adaptación das directivas de contratos públicos e das súas modificacións, así como de supostos de infraccións concretas, xeralmente consistentes na falta de publicación no *DOCE* do anuncio de licitación. Por outra parte, o TXCE coñece das cuestións prexudiciais que lle formulan os tribunais dos estados membros (órganos xurisdiccionais destes) para que dictamine a correcta interpretación dunha disposición de dereito comunitario, no noso caso, o tratado ou as directivas de contratos públicos.

O TXC dictou un bo número de sentencias desde a primeira en 1976 ata hoxe, que abranguen numerosos ámbitos da actividade contractual pública dos estados membros. O relator centrouse nas máis importantes referidas ó sistema autonómico, ás cuestións rexionais e a España, co fin de mostrar non só unha visión de conxunto da xurisprudencia, senón tamén de estudar máis detidamente os problemas que afectaron a España e as cuestións que poden afecta-la súa estrutura territorial.

Polo que se refire á aplicación do dereito comunitario nos estados compostos puntualizou que tal expresión (Estado composto) comprende tódolos modelos descentralizados de estados, desde o federal ata o rexional. É dicir, en relación coa execución do dereito comunitario, á Unión Europea en certo sentido pode dicirse que lle é indiferente que o Estado sexa composto ou unitario, porque as directivas son obrigas de resultado⁶. Polo tanto as directivas sobre contratos públicos teñen alcance autonómico e son de obrigada adaptación ó dereito interno español, ben mediante normas estatais ou autonómicas, en virtude do sistema de distribución interno de competencias. Tampouco cabe ningunha dúbida sobre a necesidade das comunidades autónomas de cumprir en tódolos ámbitos

⁶ A Sentencia 17 de setembro de 1998 (asunto C-323/96) senta un principio categórico na materia: *o concepto de Estado ó que se refire esta disposición (tratábase sobre a Directiva 93/37/CEE sobre contratos públicos de obras) comprende necesariamente tódolos órganos que exercen os poderes lexislativo, executivo e xudicial. O mesmo sucede cos órganos que, nun Estado de estrutura federal, exercen estes poderes na esfera das entidades federadas* (apartado 27). Cabe referirse, na mesma liña, ás sentencias do 4 de febreiro de 1999 (asunto C-130/97), do 4-marzo de 1997 (asunto C-258/97), etc.

(lexislativo, regulamentario e de execución) o disposto nas directivas comunitarias sobre contratos públicos.

Un dos principais problemas das directivas sobre contratos públicos é o da súa adaptación ou transposición ó dereito interno dos estados membros⁷. Por isto, en relación coa adaptación das directivas ó dereito interno, o TXCE fixou os seguintes principios:

1. Obrigatoriedade de adaptación das directivas ó ordenamento interno.
2. Obrigatoriedade de adaptación no prazo sinalado.
3. Obrigaación de comunicarlle á Comisión a adaptación das directivas.
4. Necesidade de que a adaptación se efectúe a través de normas de rango adecuado e non de simples instrucións ou prácticas administrativas.
5. Necesidade de que a adaptación se efectúe de forma completa e correcta, e ademais que o dereito interno se interprete conforme as directivas⁸.

Cando non se produce a adaptación das directivas en prazo ó dereito interno e, en especial, se estas son de carácter obrigatorio, transcorrido o prazo de adaptación, os particulares, nas súas relacións coas administracións públicas e cos tribunais, poden invocalas. Esta posible invocación directa por parte dos particulares non pode servir de xustificación, non

⁷ A preocupación da Comisión europea sobre este punto reflíctese de forma clara no Informe sobre o cumprimento do dereito comunitario (o referido a 1997, publicado no *DOCE*, C 250, do 10 de agosto de 1998).

⁸ Sobre o primeiro punto pódese consulta-la Sentencia do 22 de setembro de 1976 (asunto 10/76) e a do 2 de maio de 1996 (asunto C-253/96) (apartado 43), do 24 de setembro de 1998 (asunto C- 76/97) (apartado 25) e do 4 de marzo de 1999 (asunto C-258/97) (apartado 25). Sobre a obrigatoriedade de adaptación nos prazos marcados: S. do 2 de maio de 1996 (asunto C-253/95), S. do 2 de maio de 1996 (asunto 234/95), S. do 2 de maio de 1996 (asunto C-31/95), S. do 19 de setembro de 1996 (asunto C-236/95), S. do 29 de maio de 1997 (asunto C-311/96), s. do 17 de xullo de 1997 (asunto C-43/97), entre outras. Respecto ó terceiro dos puntos arriba sinalados pode consultarse a Sentencia do 28 de marzo de 1985 (asunto 274/83). O principio de que a adaptación se efectúe por normas de rango adecuado ten grande importancia. *Vid.*, entre outras, a Sentencia do 17 de novembro de 1993 (asunto C-71/92), Sentencia do 11 de agosto de 1995 (asunto C-433/93), Sentencia do 2 de maio de 1996 (asunto C 31/95), Sentencia do 19 de maio de 1999 (asunto C-255/97). Respecto ó quinto dos puntos (adaptación completa e correcta e interpretación conforme as directivas): Sentencia do 16 de decembro do 1997 (asunto C-341/96), Sentencia do 17 de xullo de 1997 (asunto c-43/97), S. do 19 de setembro de 1996 (asunto C-236/95), S. do 19 de maio de 1999 (asunto C-255/97), S. do 20 de setembro de 1988 (asunto C- 31/87), S. do 3 de xuño de 1992 (asunto C-360/89), S. do 22 de xuño de 1993 (asunto c- 343/89), S. do 22 de setembro de 1988, S. do 9 de xullo de 1987 (asuntos acumulados 27/29/86).

obstante, para que un estado membro eluda a adopción das medidas adecuadas ó obxectivo de cada directiva⁹.

Polo que se refire á responsabilidade do Estado por falta de adaptación das directivas, o TXCE foi perfilando nos últimos este principio. Trátase dunha xurisprudencia adoptada con carácter xeral e que ten como punto de partida significativa a Sentencia "Francovich" de 1991, que recibiu un radical impulso polas sentencias do 5 de marzo de 1996 (asuntos acumulados C-46/93 e C-48/93) *Brasserie du Pecheur e Factortame*, e do 24 de setembro de 1998 (asunto C-319/96) *Brinkmauer Tabakfabriken*. Interesa resaltar que tamén no ámbito das directivas de contratos se produce esta xurisprudencia sobre responsabilidade do Estado por falta de transposición das directivas. Para tal efecto pode destacarse a Sentencia do 26 de marzo de 1996 (asunto C-392/93) *British Telecom*, que tivo continuación nas sentencias do 17 de setembro de 1998 (asunto C-54/96), do 24 de setembro de 1998 (asunto C-11/97), do 24 de setembro de 1998 (asunto C-76/97) e do 4 de marzo de 1999 (asunto C-258/97). Na primeira destas sentencias sinaladas establécense os tres requisitos necesarios para que se dea a responsabilidade do Estado:

1. Que a norma xurídica violada teña por obxecto conferirlles dereitos ós particulares.
2. Que a violación estea suficientemente caracterizada.
3. Que exista unha relación de causalidade directa entre a infracción da obriga que lle incumbe ó Estado e o dano sufrido polos particulares lesionados nos seus dereitos.

Abordou tamén o relator os ámbitos subxectivo e obxectivo de aplicación das directivas. Precisamente un dos problemas máis interesantes que se presentaron é o das personificacións do Estado, é dicir, o recurso a ese fenómeno da chamada fuxida do dereito administrativo, que está producido fundamentalmente pola fuxida da aplicación da lexislación de contratos. Trátase de que determinados organismos públicos gocen de maior, ou de completa, liberdade en materia de contratación administrativa, excluindo a aplicación da lexislación de contratos de administracións públicas e entrando de cheo na aplicación do dereito privado. O que fai é que estes organismos, por mor dunha simple decisión legal ou administrativa relativa ó seu modo de incardinación dentro da Administración pública, estean sometidos ou non ós procedementos de adxudicación públicos ou teñan liberdade por estar sometidos ó dereito privado contractual. Pois ben, o TXCE pechou excesivamente este intento de escapar do ámbito de

⁹ Vid. S. do 4 de marzo de 1999 (asunto C-258/97), S. do 11 de agosto de 1995 (asunto C-433/93) e a S. do 2 de maio de 1996 (asunto C-253/95, apartado 13), entre outras.

aplicación das directivas sobre contratación pública ó dar un concepto funcional de Estado. Non se fixa o TXCE nas formas que cada Estado ten para se organizar e actuar no exercicio das súas competencias, senón que o que busca a través deste concepto funcional e amplo de Estado é que as directivas se cumpran con independencia de cómo actúe a concreta organización de cada Estado membro. Outra cousa produciría que a directiva fose aplicable nun estado membro para unha actividade contractual, pero non noutro estado membro, polo simple feito de que este segundo estado creou unha singular entidade adxudicataria ou a dotou de autonomía ou dun réxime xurídico propio ou de dereito privado. Así, na maioría das sentencias sobre este aspecto o punto de partida está no intento dos estados de escaparen da aplicación do dereito comunitario ou de oporse ó recurso por incumprimento presentado pola Comisión co argumento de que o ente contratante non é parte do Estado *strictu sensu*, e polo tanto non está sometido ás directivas sobre contratación pública¹⁰.

As directivas contemplan non só os suxeitos sometidos a elas, senón tamén os contratos que están incluídos nelas. Así, relacionan o obxecto destas e tamén as posibles salvidades ou excepcións por razón daquel. En primeiro termo debe sinalarse a división entre os contratos de obras, servizos e subministracións e os contratos dos denominados sectores excluídos e o esforzo realizado en mellora-la definición do seu obxecto co fin de evitar determinados problemas relativos ós contratos incluídos dentro do seu ámbito de aplicación.

Dentro da amplitude do procedemento de adxudicación e selección, o TXCE centrouse fundamentalmente en tres problemas: a necesaria publicidade dos anuncios de licitación no *DOCE*, a necesidade dun procedemento de verificación das baixas temerarias e a utilización excepcional do procedemento negociado.

As directivas comunitarias sobre contratos públicos esixen que, a partir de determinada cantidade, os contratos se anuncien no *DOCE*. A publicidade comunitaria constitúe un elemento esencial do mercado único, no que tódolos empresarios de calquera estado membro van poder participar en condicións de igualdade na contratación, e para este efecto o primeiro factor esencial é que deben te-la posibilidade de coñece-la existencia dun procedemento de adxudicación.¹¹ Polo que se refire ós anuncios de licitación, esíxese que os que se publiquen no *DOCE*

¹⁰ Poden consultarse ó respecto, S. do 20 de setembro de 1998 *Beentjes*, S. do 22 de setembro de 1998 (asunto 45/87), S. do 17 de setembro de 1998 (asunto C-323/96), S. do 18 de marzo de 1992 (asunto C-24/91), S. do 11 de xullo de 1991 (asunto C-247/89), S. do 15 de xaneiro de 1998 (asunto C-44/96).

¹¹ Vid. ó respecto S. do 18 de marzo de 1992, S. do 3 de maio de 1994, S. do 17 de setembro do 1998 (asunto C-323/96).

lles proporcionen ós empresarios información suficiente sobre as condicións do contrato e que ademais se axusten no seu contido ó mínimo marcado nas directivas.

Respecto ás baixas temerarias, recordou o relator que fronte ó sistema da aplicación automática destas, coa exclusión do licitador incurso nelas, as directivas comunitarias implantaron un procedemento de verificación previa que lle permitise ó posible adxudicatario xustificar-la baixa e, no seu caso, garanti-la prestación do contrato.

Así mesmo, o TXCE declarou que o procedemento negociado é de carácter excepcional e, polo tanto, a súa interpretación debe ser restrictiva¹².

Na última parte da súa exposición o relator centrouse principalmente en tres puntos. O primeiro foron os recursos e as medidas cautelares, para o que analizou a xurisprudencia do TXCE sobre a aplicación nos ordenamentos internos dos estados membros das disposicións das directivas de recursos que lles ofrecen unha defensa ós particulares fronte ás violacións dos poderes e das entidades adxudicadoras respecto do dereito comunitario material. Se ben, recordou que o primeiro garante da aplicación do dereito comunitario son os tribunais nacionais, ó que se suma neste labor o TXCE a través da vía do recurso por incumprimento e, de maneira máis indirecta, mediante o auxilio a través da cuestión prexudicial. O segundo dos puntos foi a cuestión dos intereses rexionais, que está unida ó contido das cláusulas contractuais, é dicir, se entre estas cláusulas se pode incluír algunha ou algunhas que favorezan a consecución de determinados obxectivos rexionais, dado que a contratación pública cumpre tamén un importante papel de motor da economía dun país e da economía rexional. Non se trata de incluír especificacións técnicas destinadas a esixir a utilización de produtos de fabricación rexional, o que está prohibido e soe solucionarse mediante a adición da expresión *o equivalente*. Trátase, simplemente, da posibilidade de incluír nas cláusulas que deben rexe-lo procedemento de adxudicación o cumprimento duns requisitos ou a súa valoración que inciden noutras políticas rexionais ás que serven, aínda que tanxencialmente, tamén os contratos públicos. O tipo de cláusulas que se soe intentar introducir como cláusulas de interese rexional pode clasificarse nos seguintes termos: a) cláusulas ambientais; b) cláusulas de interese social; c) cláusulas de protección ou incentivación das PEME.

Terminou o seu relatorio facendo referencia ás sentencias máis importantes relativas a España, que é o terceiro dos puntos anunciados. Entre outras sentencias sinalou a S. do 18 de marzo de 1992 (asunto C-24/91), a do 17 de novembro de 1993 (asunto C-71/92), a do 19 de abril de 1994 (asunto C-331/92) e a do 3 de maio de 1994 (asunto C-328/92).

¹² En concreto o TXCE fixa os requisitos para aplica-lo procedemento negociado nas súas sentencias do 18 de marzo de 1992 e do 2 de agosto de 1993.

A tarde comezou cunha exposición sobre as directivas de contratación pública e a súa transposición ó dereito español, que correu a cargo de D. José Antonio Santías Viada, secretario da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa. Distinguiu o relator dous grandes apartados, constituído o primeiro polas directivas sobre contrato de obras e subministracións vixentes no ano 1986 e polas modificacións introducidas na Lei de contratos do Estado (LCE) polo Real decreto lexislativo 931/1986, do 2 de maio, e no Regulamento xeral de contratación do Estado (RXCE) polo Real decreto 2528/1986, do 28 de novembro, coa finalidade de adapta-lo texto legal e o regulamentario ás citadas directivas, e o segundo apartado polas novas directivas de obras, subministracións e servicios que adoptou a Comunidade Europea con posterioridade ó ano 1986 e determinados aspectos do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo e do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, que se incorporan á lexislación española a través da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP), que ademais cumpre a finalidade de corrixi-los erros da transposición efectuada no ano 1986 que foron postos de relevo pola Sentencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do 17 de novembro de 1993.

Antes de entrar na súa exposición aclarou dous puntos previos. Por unha banda o dato de que as directivas comunitarias sobre contratación pública non aborden a totalidade da regulación dos contratos públicos, senón unicamente a fase de adxudicación, non a de execución e extinción, e por outra, o dato de que existe unha excepción á regra xeral de necesidade de adaptación da lexislación española ó contido das directivas comunitarias, e é o denominado *efecto directo* que, recoñecido reiteradamente pola xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, implica que determinados extremos das directivas comunitarias resultan directamente aplicables nos estados membros, sen necesidade de adaptación da súa lexislación, por seren os ditos extremos compatibles con esta última.

As directivas de obras e subministracións vixentes en 1986 agrupounas en dous apartados: a) *as primeiras directivas comunitarias sobre contratación pública*, isto é, a Directiva 70/32/CEE da Comisión, do 17 de decembro de 1969, relativa ás subministracións de produtos ó Estado, ós seus entes territoriais e ás persoas xurídicas de dereito público, e a Directiva 1/304/CEE, do Consello, do 26 de xullo de 1971, relativa á supresión de restricións á libre prestación de servicios no sector dos contratos públicos de obras e a adxudicación de contratos públicos de obras por medio de axencias ou sucursais¹³; e b) *as directivas sobre coordinación dos proce-*

¹³ Estas dúas directivas son coñecidas como directivas de *liberalización* e perseguen principalmente a finalidade de eliminar restricións e, polo tanto, todo trato

dementos de adjudicación dos contratos de obras e subministracións, que establecen regras ás que deben axustarse os procedementos de adjudicación dos ditos contratos, de tal maneira que, mediante a transposición ou incorporación do seu contido ós ordenamentos xurídicos nacionais, se constitúe un dereito común da contratación pública, aplicable en tódolos estados membros. A disposición fundamental relativa ós contratos de obras está constituída pola Directiva 71/305/CEE, do Consello, do 26 de xullo de 1971, cun contido substancial, aínda que con modificacións posteriores, que foi incorporado á Directiva 93/37/CEE, hoxe en día en vigor. Para os contratos de subministración a disposición fundamental, hoxe incorporada coas súas modificacións posteriores á Directiva 93/36/CEE, está constituída pola Directiva 77/62/CEE, do Consello, do 21 de decembro de 1976.

A adhesión de España á Comunidade Europea obrigou a incorporarlle á vixente lexislación de contratos do Estado o contido das directivas que, no 1 de xaneiro de 1986, foran adoptadas pola Comunidade. As liñas xerais da reforma da lexislación de contratos que se levou a cabo pódense resumir nos seguintes aspectos: a) a urxencia con que se realizou a adaptación; b) que afecta exclusivamente á fase de adjudicación, non de execución e de extinción dos contratos; c) as directivas comunitarias estenden a súa aplicación a todo tipo de contratos, aínda que pola súa natureza ou contía non estean suxeitos en puridade ás directivas comunitarias; d) quedan sometidas ás directivas comunitarias a Administración do Estado, comunidades autónomas, entidades locais e os seus respectivos organismos autónomos; por iso teñen o mesmo ámbito de aplicación subxectivo os preceptos reformados da LCE e do RXCE (considéranse lexislación básica a efectos do artigo 149.1.18ª da CE).

O contido da reforma da lexislación de contratos quedou así mesmo resumido polo relator nos seguintes puntos: a) en materia de clasificación, o artigo 98 da LCE establecía para estes últimos a clasificación voluntaria ou, alternativamente, a xustificación da súa capacidade económica, financeira e técnica, recoñecéndolle validez, para estes efectos, ós certificados ou documentos similares expedidos polos estados membros da CE; b) nos procedementos e formas de adjudicación, xunto á poxa e concurso por admisión previa, introducíase o procedemento restrinxido¹⁴; c) na regulación da contratación directa redactábanse novamente os artigos 37 (obras) e 87 (subministracións) coa finalidade da súa adaptación á nor-

discriminatorio entre contratistas nacionais e os pertencentes ó resto dos países comunitarios.

¹⁴ Isto supón a división do procedemento de adjudicación en dúas fases, constituída a primeira polo anuncio de licitación e presentación de solicitudes de participación e a segunda pola invitación da Administración ós seleccionados e a adjudicación do contrato.

mativa comunitaria; e d) xunto á tradicional publicación de licitacións no *BOE* regulábase a publicidade obrigatoria no *DOCE*.

Tras este intento de adaptación das directivas ás respectivas lexislacións dos estados membros, chegouse a unha serie de conclusións en diversos informes que cristalizaron no *Libro branco para a consecución do mercado interior*, que carrexou a adopción das seguintes directivas, principalmente: D. 89/440/CEE, do Consello, do 18 de xullo de 1989, D. 88/295/CEE do Consello, do 22 de marzo de 1988, D. 92/50/CEE do Consello do 18 de xuño de 1992, D. 90/531/CEE, do Consello, do 17 de novembro de 1990, D. 89/665/CEE, do Consello, do 21 de decembro de 1989.

Unha vez exposto o panorama xeral das directivas comunitarias entrou o relator a analiza-la regulación común e a regulación específica da adxudicación dos contratos de obras, subministracións e servizos. A común pode quedar resumida nos seguintes puntos:

1. En canto a *poderes adxudicatarios*, perfílase a noción de organismo de dereito público, que xunto co Estado e entes territoriais se someten ás directivas; sinálanse ademais as súas características.
2. A regulación das especificacións técnicas obedece ós criterios de sinala-la orde de preferencia para a súa aplicación e as súas excepcións.
3. En procedementos de adxudicación, ó lado dos procedementos abertos e restrinxidos, regúlase o procedemento negociado, que só procede taxativamente sinalados e que equivale, polo tanto, á contratación directa.
4. En materia de publicidade de licitacións e adxudicacións, as directivas regulan o anuncio previo indicativo ou a obriga de *preinformación* dos contratos que se han realizar no exercicio.

O Acordo sobre o Espacio Económico Europeo asinouse no Porto o 2 de maio de 1992 e ratificouno España o 17 de marzo de 1993. O seu instrumento de ratificación por España publícase no *BOE* n.º. 21, do 25 de xaneiro de 1994. Este acordo límtase a establecer, no seu anexo XVI, relativo á materia de contratación pública, a aplicación ós estados signatarios do acordo a normativa contida nas directivas comunitarias, polo que a LCAP contén unha prevención sobre este acordo.

O Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio asinouse en Marrakech o 15 de abril de 1994 e ratificouno España o 30 de decembro de 1994. O seu instrumento de ratificación publícase no *BOE* n.º. 20, do 24 de xaneiro de 1995 e contén unha regulación dos contratos públicos moi similar á das directivas comunitarias.

A LCAP incorpora á lexislación española o contido das directivas sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos de obras, subministracións e servizos realizados por entidades públicas e determinados aspectos do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo e do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comer-

cio, polo cal pode afirmarse que coa promulgación da LCAP o dereito español da contratación pública contén unha versión completa e actualizada do dereito comunitario sobre a materia, coa salvidade da última modificación das directivas. Neste punto detívose o relator a explicar por unha banda a corrección das deficiencias observadas na incorporación do dereito comunitario da contratación pública efectuada polo Real decreto lexislativo 931/1986, do 2 de maio, e polo Real decreto 2528/1986, do 28 de novembro. Ó referirse á incorporación á LCAP das directivas 93/37/CEE, sobre contrato de obras, 93/36/CEE, sobre contrato de subministración, e 92/50/CEE, sobre contrato de servicios, referiuse, entre outros aspectos, ó ámbito de aplicación subxectivo e obxectivo, á solvencia e á clasificación dos contratistas, ó rexistro de contratos e datos estatísticos, ós procedementos e formas de adxudicación, á publicidade de licitacións, notificacións e publicidade de adxudicacións, ós contratos no estranxeiro, etc.

Terminou a súa exposición facendo referencia ás directivas 90/531/CEE, 93/38/CEE, 94/8/CE, 89/665/CEE e 92/13/CEE sobre contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e das telecomunicacións e sobre recursos e a súa incorporación á lexislación española.

O último relatorio da tarde correu a cargo de D. Carlos Aymerich Cano, profesor titular de dereito administrativo da Universidade da Coruña. O tema da súa exposición foi: *Normativa comunitaria sobre coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos públicos de subministración e obras*. Tras unha breve introducción comezou o relator por defini-lo concepto de *contrato público de obras*. Desde o punto de vista do seu obxecto pode referirse tanto á proxección/construcción dunha obra como á súa explotación (concesión de obra pública). Neste sentido o artigo 1.c) da Directiva 93/37/CEE define como obra: *o resultado dun conxunto de obras de construción ou de enxeñería civil destinada a cumprir, por si mesma, unha función económica ou técnica*. Completou esta definición cunhas precisións positivas (anexo II, artigos 1.d) e 3 da directiva citada) e precisións negativas (artigos 4 e 5 da directiva).

En segundo lugar e polo que se refire ó carácter público da obra, enténdese que se encontra sometido a un réxime xurídico-público e non á obra en si, que pode perfectamente ser de titularidade privada¹⁵. En relación cos límites cuantitativos de aplicación da directiva, con indepen-

¹⁵ No dereito español temos exemplos de contratos públicos de obras realizados sobre inmobles privados. Por exemplo, as obras realizadas como consecuencia da execución subsidiaria dunha obriga imposta por un acto administrativo (art. 98 LCAP). Outra cousa é que, como elemento natural e non esencial, o obxecto deste contrato veña constituído pola obra de titularidade pública, idea da que parte tanto o dereito español como, á luz da xurisprudencia do TXCE, o dereito comunitario (vid. Sentencia do 15 de xaneiro de 1998, asunto C-44/1996, Rec. I-73, *Mannesman*).

dencia de que os principios xerais rectores do dereito comunitario da contratación pública sexan aplicables a tódolos contratos realizados polos poderes adxudicadores dos estados membros, só caen dentro do ámbito de aplicación das directivas os contratos que excedesen un determinado importe. Para o cálculo deste importe terase en conta no só a contía do contrato (o *valor de obra*), senón tamén o *valor estimado dos fornecementos necesarios para a execución das obras postas ó dispor do contratista polos poderes adxudicadores* (art. 6.5 Dir. 93/37/CEE). Polo que se refire ó ordenamento español, a primeira regulación xenérica do contrato de concesión de obra pública foi introducida pola LCAP de 1995, e considerábase ata ese momento como un contrato mixto entre o de obras e o de xestión de servizos públicos (non obstante no proxecto de reforma da LCAP parece que o volve considerar desta maneira).

Polo que se refire ó concepto xurídico-comunitario de contrato de subministración, historicamente considerábase como tal a adquisición de bens mobles con entrega en fases sucesivas, concepto ó que se foron engadindo outros como o da fabricación de bens mobles e a prestación á Administración de determinados servizos de carácter complementario á adquisición de bens mobles. O concepto xurídico-comunitario, sen embargo, preocupado pola libre circulación de mercadorías ten un alcance moito máis amplo así; considera como tal *todo contrato realizado a título oneroso que teña por obxecto a compra, ou arrendamento financeiro, ou arrendamento ou venda a prazos de produtos entre un fornecedor (persoa física ou xurídica) e un poder adxudicador*. Partindo de tal concepto profundouse no contrato de subministración e obras e servizos accesorios e nos límites cuantitativos de aplicación da directiva.

Despois da clasificación comunitaria dos tipos contractuais detívose o relator no réxime xurídico que as directivas deseñan, especialmente no que se refire ó ámbito de aplicación subxectivo, ó obxecto do contrato, á publicidade e ós procedementos e formas de adxudicación e, por último, ós requisitos de solvencia e capacidade esixibles ós candidatos ou ós licitadores. Polo que se refire ó primeiro dos aspectos, o ámbito de aplicación subxectivo, antes da reforma operada pola Dir. 89/440/CEE, do 18 de xullo de 1989, o artigo 1.b) da Dir. 71/315/CEE a penas consideraba como *poderes adxudicadores* o Estado, as colectividade territoriais e as *persoas xurídicas de dereito público enumeradas no anexo I*", co que afirmaba implicitamente o carácter exhaustivo da listaxe de entes recollidas no dito anexo. A partir da citada Dir. 89/440/CEE substitúese a expresión *persoas xurídicas de dereito público* pola máis precisa *organismo de Dereito público*. Desta maneira o artigo 1.b) define como organismo de dereito público *todo organismo creado para satisfacer especificamente necesidades de interese xeral que non teñan carácter mercantil, dotado de personalidade xurídica e cunha actividade maioritariamente financiada polo Estado, os entes territoriais ou ou-*

tros organismos de dereito público, ou ben, que a súa xestión estea sometida a un control por parte destes últimos, ou ben, que o seu órgano de administración, de dirección ou de vixilancia estea composto por membros máis da metade dos cales sexan nomeados polo Estado, por entes territoriais ou por outros organismos de dereito público¹⁶.

En relación co límite económico de aplicación da directiva tratou o relator o problema do fraccionamento fraudulento dun obxecto contractual inicialmente único¹⁷. Abordou despois o tema das especificacións técnicas e o respecto ós denominados criterios de selección cualitativa, e entrou a explica-la capacidade para contratar (agrupacións de contratistas ou *provedores*, os grupos de empresas). Na parte final do seu relatorio reflexionou sobre cuestións como as prohibicións para contratar (os supostos de exclusión, as causas de exclusión), a solvencia económica e financeira, a solvencia técnica e profesional, a inscrición en rexistros ou listaxes oficiais de contratistas, as regras comúns en materia de publicidade (publicidade indicativa, de licitación, de adxudicación, dos anuncios), os procedementos e os criterios de adxudicación dos contratos (os procedementos de contratación, criterios de adxudicación do contrato e as regras para o procedemento). Finalizou a súa exposición cunha visión panorámica da reforma do dereito comunitario en materia de contratación pública. Seguindo o exposto pola Comisión, e adiantando que as reformas non van ser fondas, é dicir, que se vai manter, nos aspectos máis importantes, a normativa actual, sinalou, entre outras cousas, o propósito de avanzar cara á denominada *contratación electrónica* na que, aproveitando as oportunidades que brindan as novas tecnoloxías da comunicación, tódalas fases do procedemento de contratación (publicación de anuncios, presentación de candidaturas e ofertas, consulta dos pregos e a mesma adxudicación) faranse a través dos medios electrónicos. Así mesmo, fálase de amplia-lo ámbito de aplicación obxectiva das directivas, e da flexibilización dos procedementos de adxudicación a través de dúas vías: a) o fomento das posibilidades de diálogo entre os poderes adxudicadores e os licitadores durante o procedemento (introdúcese un novo procedemento ordinario denominado de *diálogo competitivo*, que viría substituí-lo negociado con

¹⁶ Esta definición ten, entre outras, a seguinte consecuencia: a de confirma-lo carácter puramente exemplificativo dos anexos, que con anterioridade xa viña sendo defendida pola doutrina e dalgún modo podía ser reducida á Sentencia *Beentjes* que resolve a suxeición á Dir. 71/305/CEE do contrato adxudicado por unha entidade holandesa non mencionada no anexo I da dita norma.

¹⁷ No caso das directivas comunitarias de contratación pública esta relación é explícita, ó se conter no mesmo artigo a fixación do límite económico e a prohibición de fraccionamento (liñas 1ª e 4ª, respectivamente, do artigo 6 da Dir. 93/37/CEE e 1ª e 4ª, respectivamente, da Dir. 96/36/CEE).

publicidade) e b) a xeneralización dos contratos ou acordos-marco –privativos na actualidade da Dir. 93/38/CEE de *sectores excluídos*– tamén ós sectores clásicos. Trátase de establecer contratos a longo prazo para satisfacer aquelas necesidades cambiantes, en constante evolución, dos poderes adxudicadores (por exemplo, en materia informática), coa flexibilidade suficiente para preve-la evolución dos produtos e os prezos.

O día 29 comezou co relatorio de D. José María Jimeno Feliu, profesor titular de dereito administrativo da Universidade de Zaragoza. O tema da súa exposición foi *o sistema de recursos na normativa comunitaria de contratación pública*. Tras unha introducción xeral sobre os obxectivos e principios xerais da contratación pública, abordou o tema da regulación comunitaria a propósito dos sistemas de control. Para corrixi-la *debilidade*, como el mesmo dixo, da normativa anterior, sobre a base do art. 100 A do TCE (actual art. 95), aprobáronse, con vocación de carácter xeral (converténdose na pedra angular do sistema), as directivas 89/665/CEE e 92/13/CEE relativas á coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas referentes á aplicación dos procedementos de recurso nos campos da contratación pública e regulada, nas que se arbitran unha serie de procedementos de control/impugnación que ten por fin controlar e corrixi posibles incumprimentos da normativa de contratación pública. O seu obxectivo, evidentemente, é anima-la participación das empresas europeas a licitar nos contratos públicos de obras e subministración. Os posibles mecanismos de control que se contemplan nestas directivas son os catro seguintes:

a) *Vías de recurso no plano nacional*: trátase de que existan mecanismos para garantir que as decisións adoptadas poidan ser recorridas de forma rápida e eficaz, e poderán adoptarse medidas cautelares para corrixi-las presuntas infraccións. Pódese presentar reclamación diante dunha das tres seguintes instancias: fronte ó poder adxudicador, fronte a un organismo que pode ser administrativo ou fronte a un organismo xurisdiccional. As posibles medidas poden ser de carácter directo, que á súa vez se clasifican en medidas provisionais e definitivas, ou ben de carácter indirecto. En calquera dos casos debe recoñecerse o dereito á indemnización dos danos e dos prexuízos causados.

b) *Intervención da Comisión co fin da corrección do procedemento de adxudicación*. Recoñéceselle á Comisión unha lexitimación cualificada para instala-los estados á corrección das irregularidades *claras e manifestas* que se produzan. Trátase dun procedemento especial creado para que a Comisión poida intervir rapidamente notificándolle ó estado membro en cuestión que se incumpriu a normativa sobre contratación pública durante o procedemento de oferta pública. O problema deste mecanismo de corrección é que a súa eficacia queda un tanto *diluída* nos casos en que o ente contratante sexa unha empresa privada, dado que

o Estado non ten mecanismos de corrección nin facultades para impor unha determinada conducta, alomenos directamente, en relacións de carácter xurídico-privado.

c) *Certificación* (arts. do 3 ó 7 da Dir. 92/13). Trátase da posibilidade de que as empresas contratantes obteñan un certificado dos seus procedementos de adxudicación de contratos no que, tras exames periódicos, se faga constar que a súa actuación se axusta ó dereito comunitario. A flexibilidade do sistema é grande, á vez que lles deixa unha ampla marxe ós estados para o seu establecemento. O órgano certificador caracterízase fundamentalmente polas seguintes notas: independencia e exercicio obxectivo das súas funcións; e cualificación e experiencia profesional pertinente. A finalidade deste instrumento de control é permitir que as entidades contratantes que obtivesen este certificado poidan incluí-la seguinte declaración nos seus anuncios, que deberán publicar no *Diario oficial das comunidades europeas*, en virtude dos arts. do 16 ó 18 da Dir. 90/531/CEE.

d) *Conciliación ante a Comisión* (arts. do 9 ó 11 da Dir. 92/13). É unha das principais novidades desta directiva. Trátase da facultade que se lle concede ó interesado e que pode exercerse fronte ás entidades contratantes enviándolle a solicitude ó órgano nacional ou directamente á Comisión. O acordo de conciliación debe basearse exclusivamente na valoración das normas de dereito comunitario e non nas normas de dereito interno que o incorporen.

En conclusión, pódese dicir, que estas directivas de *recursos* supoñen un punto de inflexión importante no papel da Unión Europea –ata este momento moi secundario– no que se refire ó control, corrección e sanción, a través, incluso, das súas propias institucións, daquelas actuacións que sexan contrarias á normativa comunitaria de cara a garantir de forma eficaz os obxectivos consagrados polo tratado. Este novo papel de atención á satisfacción efectiva dos dereitos dos cidadáns comunitarios vén garanti-la lexitimidade (e credibilidade) das organizacións comunitarias, dado que estas demostran ser capaces de facer efectivos uns principios e obxectivos que, para moitos ata agora, soamente aparentaban un carácter teórico. Desde esta perspectiva cualificou o relator as directivas como unha auténtica *revolución xurídica*. O relatorio terminou cunha breve referencia á adaptación das directivas 89/665 e 92/13 en España.

Terminaron as xornadas coa intervención de D. José Manuel Blanco González, asesor xurídico da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior. O título do seu relatorio foi *Normas internacionais sobre contratación pública e aplicación do dereito comunitario*. Tras unha introducción centrada na idea xa reiterada de que a Europa comunitaria é un actor comercial e financeiro de primeira liña no ámbito internacional e que non pode prescindir de manter unhas relacións harmónicas e equitativas

con terceiros estados ou outras entidades públicas que sexan suxeitos de dereito internacional, fixo unha exposición xeral do tema. Tratou distintos aspectos salientables das directivas estudadas ó longo das xornadas, e centrouse no Acordo sobre Contratación Pública (en diante ACP-GPA). Este acordo entrou en vigor na Unión o 1 de xaneiro de 1996 e tivo como corolario doméstico as directivas 97/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 1997, e a 98/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 1998, isto é, sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de servizos, subministracións e obras, así como sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e das telecomunicacións. Centrou o relator a súa exposición na análise do contido do ACP-GPA e debullou o seu entroncamento co sistema xurídico europeo, considerando a substantividade das teses xurisprudenciais clásicas do Tribunal de Xustiza de Luxemburgo sobre o efecto útil, efecto directo e primacía *ad intra* da norma comunitaria. Ó longo deste estudio chamou a atención sobre a insistencia á hora de prestar tanta importancia ás prácticas administrativas en materia de contratación pública como ás leis, regulamentos e procedementos; considerou que a pedra basal do acordo se asenta na non discriminación da entidade adxudicadores fronte ós partícipes nos procedementos contractuais por razón da súa nacionalidade¹⁸, e detívose a desenvolver este principio da non discriminación; falou así mesmo das especificacións técnicas para concluí-la parte substantiva do ACP-GPA. Adentrouse despois o relator nas previsións procedementais. Tódolos procedementos previstos no acordo están precedidos polo mandato de que os entes adxudicadores non lle faciliten a ningún licitador información privilexiada sobre un contrato, de maneira que na práctica se exclúa a competencia. Isto quere dicir que tódolos participantes na contratación han de te-la mesma información ou as mesmas facilidades para acceder á dita información con carácter coetáneo. Os signatarios conveñen tres modalidades licitadoras basicamente coincidentes co modelo comunitario europeo: a) licitacións públicas; b) licitacións selectivas; c) licitacións restrinxidas. Ó se-la publicidade un presuposto indisociablemente unido á transparencia, dedicoulle o relator atención especial á publicidade das convocatorias de contratación pública reguladas no artigo IX baixo o equívoco epígrafe *Invitación a participar en relación co contrato previsto e posterior-*

¹⁸ Artigo III: *no que respecta a tódalas leis, regulamentos, procedementos e prácticas relativos ós contratos públicos comprendidos neste acordo, cada parte concederalle de forma inmediata e incondicional ós produtores, servizos e provedores das demais partes que ofrezan produtos ou servizos das partes, un trato non menos favorable que o outorgado: a) ós produtos, servizos e provedores nacionais; e b) ós produtos, servizos e provedores de calquera outra parte.*

mente abordou o resto de trámites procedementais. Terminou a súa exposición o relator formulándose a seguinte pregunta: ¿como se engastalla o ACP-GPA co traballo diario de calquera entidade adxudicadora integrante dun estado por el vinculado? O artigo XXIV.5 do acordo dispón que cada parte signataria se asegurará de que as súas leis, regulamentos, procedementos administrativos, outras normas e prácticas se adecuen á literalidade do ACP-GPA despois de que este entre en vigor para ela, e informará ademais ó Comité de Contratación Pública das modificacións acometidas nesa liña, así como da súa aplicación sobre o terreo. En definitiva e como o mesmo relator sostivo, se o lexislador estatal vén absolutamente condicionado pola norma comunitaria e a doutrina xurisprudencial que garante a súa aplicación real, o lexislador europeo non o está menos polos instrumentos internacionais, que ademais foxen dunha vella vocación estática para transformarse en normas que se van adaptando continuamente á evolución dos feitos económicos e ás novas circunstancias do mercado. No contexto dese dinamismo non pode asombrarnos que a propia Comisión fixe como obxectivo a medio prazo que para o ano 2003 o 25% do total das contratacións públicas se realice por vía electrónica, propósito que pode soar a anatema na concepción de non poucos servidores públicos. *Sen embargo* –como literalmente dixo o último relator das xornadas– *xa nada será igual cando o mercado da contratación pública sexa tan poroso como o mercado privado de bens e servicios.*

Clausurou as xornadas o director da Escola Galega de Administración Pública, D. Domingo Bello Janeiro, quen resumiu brevemente o contido dos relatorios expostos e agradeceu a participación de relatores e de asistentes. 